

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	2º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

## 1. Introducción

Esta programación didáctica desenvolverase na área de ciencias da natureza para o alumnado do segundo curso da etapa, polo que a maioría dos alumnos e alumnas teñen sete anos. Dentro da diversidade do grupo atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

En relación á contorna, o centro educativo no que se desenvolverá a programación é o CPIP Plurilingüe Antonio Orza Couto, situado dentro da comarca de Santiago. É unha zona agrícola e forestal, polo que intentaremos aproveitar os recursos dispoñibles na contorna ao longo da materia.

Traballaremos intradisciplinariamente os catro bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, "Cultura Científica"; o bloque número 2, "A vida no noso planeta"; o bloque número 3, "Materias, forzas e enerxía"; e o bloque número 4, "Tecnoloxía e dixitalización".

Para iso, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía; o funcionamento do corpo humano, o respecto cara aos seres vivos e a súa contorna a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.

Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O CORPO HUMANO. CAMBIOS E FUNCIONAMENTO.	Nesta unidade o alumnado coñecerá os cambios do corpo ao longo da vida, así como a identificar e coñecer as funcións máis importantes do noso corpo. Traballaranse hábitos de vida saudables en alimentación, hixiene, tempo de lecer e descanso.	15	14	X		
2	COIDAMOS A NOSA SAÚDE.	O eixe vertebral da unidade xira en torno ao coidado da saúde física e emocional do alumnado. Trataremos os hábitos saudables de hixiene, alimentación, exercicio e descanso, así como acudir periódicamente ás revisións pediátricas. Coidaremos tamén as relacións sociais do alumnado.	15	13	X		
3	OS ANIMAIS	Nesta unidade traballaremos o coñecemento das características dos diferentes grupos de animais para a súa identificación e clasificación por parte do alumnado. Ademais, traballarase a relación entre os seres vivos para a supervivencia da especie.	20	11		X	
4	AS PLANTAS	Referente ao contorno natural, veremos a importancia das árbores e das prantas para o sustento do ecosistema e a supervivencia dos animais.	20	10		X	
5	EXPERIMENTAMOS	Durante esta unidade empregaremos o método científico e a experimentación para	15	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	EXPERIMENTAMOS	analizar diversos fenómenos como a mestura de substancias, a luz e as ondas sonoras.	15	11			X
6	NAVEGAMOS POR INTERNET	Nesta última unidade do curso, promoveremos o uso axeitado das tecnoloxías da información. Potenciarase o pensamento crítico en relación ao uso das redes e plataformas.	15	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O CORPO HUMANO. CAMBIOS E FUNCIONAMENTO.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións.	PE	30
CA3.3 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Identificar a relación da vida das persoas coas súas accións sobre o medio ambiente.		
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Utilizar ferramentas e procesos adecuados para identificar as características dos elementos do medio natural.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Respectar as normas básicas de convivencia.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Facer predicións sobre fenómenos próximos a través da observación	TI	70
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sinxela, relacionada co medio natural, en fontes seguras.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Practicar hábitos de vida saudable.		
CA2.4 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer as principais partes do corpo.		
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Mostrar hábitos de vida sustentable.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Deseñar, en equipo, de forma guiada, un produto final sinxelo, usando os materiais adecuados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta.</li> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.</li> <li>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.</li> <li>- As adaptacións dos seres vivos ao seu hábitat, concibido como o lugar no que cobren as súas necesidades.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades.</li> <li>- Recoñecemento dos cambios do corpo a través do tempo. As etapas da vida.</li> <li>- Observación, identificación e función das principais partes do corpo. Ósos, articulacións e músculos.</li> <li>- Introducción das funcións de relación, reprodución e nutrición como funcións vitais. Principais órganos implicados.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual.</li> <li>- Identificación da materia e das súas propiedades.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe</li> <li>- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.</li> <li>- Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional</li> </ul>

<b>Contidos</b>
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	COIDAMOS A NOSA SAÚDE.	13

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo.	PE	30
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Utilizar ferramentas e procesos adecuados para identificar as características dos elementos do medio natural.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Facer predicións sobre fenómenos próximos a través da observación	TI	70
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sinxela, relacionada co medio natural, en fontes seguras.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural.		
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza.		
CA2.5 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social.		
CA3.2 - Recoñecer a través de pequenas investigacións o comportamento da luz e do son ante diferentes corpos.	Realizar experimentos sinxelos con máquinas e outros dispositivos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Mostrar hábitos de vida sustentable.		
CA4.4 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Resolver problemas de programación simples.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta.</li> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.</li> <li>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.</li> <li>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- As adaptacións dos seres vivos ao seu hábitat, concibido como o lugar no que cobren as súas necesidades.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades.</li> <li>- Introducción das funcións de relación, reprodución e nutrición como funcións vitais. Principais órganos implicados.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual.</li> <li>- A luz e o son como formas de enerxía presentes na vida cotiá.</li> <li>- Observación e identificación de máquinas e aparellos da súa contorna.</li> <li>- Estructuras resistentes, estables e útiles. Experimentación e observación dos efectos das forzas sobre estruturas construídas con materiais de uso común na aula.</li> <li>- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe</li> <li>- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.</li> <li>- Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional</li> <li>- Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.</li> <li>- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
3	OS ANIMAIS	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo.	PE	30
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Empregar ferramentas e procesos adecuados para identificar as características dos elementos do medio natural		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Empregar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Amosar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño.	TI	70
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Facer predicións sobre fenómenos próximos a través da observación.		
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sinxela, relacionada co medio natural, en fontes seguras.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural.		
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Amosar actitudes de respecto para o gozo da natureza..		
CA2.5 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social.		
CA3.2 - Recoñecer a través de pequenas investigacións o comportamento da luz e do son ante diferentes corpos.	Realizar experimentos sinxelos con máquinas e outros dispositivos.		
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Amosar hábitos de vida sustentable.		
CA4.4 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Resolver problemas de programación simples.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta.</li> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.</li> <li>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.</li> <li>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- As adaptacións dos seres vivos ao seu hábitat, concibido como o lugar no que cobren as súas necesidades.</li> <li>- Observación dun animal ou dunha planta, no seu medio natural ou reproducindo o medio no centro educativo.</li> <li>- Clasificación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.</li> <li>- Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna na que viven, evitando a degradación do chan, do aire ou da auga.</li> <li>- Introducción das funcións de relación, reprodución e nutrición como funcións vitais. Principais órganos implicados.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual.</li> <li>- Identificación da materia e das súas propiedades.</li> <li>- Propiedades observables dos materiais, a súa orixe e o seu uso en obxectos da vida cotiá de acordo coas necesidades de deseño para os que foron fabricados.</li> <li>- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe</li> <li>- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	AS PLANTAS	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións.	PE	30
CA3.3 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Identificar a relación da vida das persoas coas súas accións sobre o medio ambiente.		
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Empregar ferramentas e procesos adecuados para identificar as características dos elementos do medio natural.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Empregar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Respectar as normas básicas de convivencia.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Facer predicións sobre fenómenos próximos a través da observación.	TI	70
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sinxela, relacionada co medio natural, en fontes seguras.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural.		
CA2.3 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Practicar hábitos de vida saudable.		
CA2.4 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer as principais partes do corpo.		
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Amosar hábitos de vida sustentable.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Deseñar, en equipo, de forma guiada, un produto final sinxelo, usando os materiais adecuados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta.

## Contidos

- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.
- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.
- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.
- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- As adaptacións dos seres vivos ao seu hábitat, concibido como o lugar no que cobren as súas necesidades.
- Observación dun animal ou dunha planta, no seu medio natural ou reproducindo o medio no centro educativo.
- Clasificación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.
- Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna na que viven, evitando a degradación do chan, do aire ou da auga.
- Identificación da materia e das súas propiedades.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe
- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.
- Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación.
- Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
5	EXPERIMENTAMOS	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións.	PE	40
CA3.3 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Identificar a relación da vida das persoas coas súas accións sobre o medio ambiente.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Amosar hábitos de vida sustentable.		
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Empregar ferramentas e procesos adecuados para identificar as características dos elementos do medio natural.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Empregar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Respectar as normas básicas de convivencia.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Facer predicións sobre fenómenos próximos a través da observación		
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sinxela, relacionada co medio natural, en fontes seguras.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural.		
CA2.3 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Practicar hábitos de vida saudable.	TI	60
CA2.4 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer as principais partes do corpo.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Deseñar, en equipo, de forma guiada, un produto final sinxelo, usando os materiais adecuados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta.</li> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.</li> <li>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.</li> <li>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.</li> </ul>

## Contidos

- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- As adaptacións dos seres vivos ao seu hábitat, concibido como o lugar no que cobren as súas necesidades.
- Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna na que viven, evitando a degradación do chan, do aire ou da auga.
- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual.
- Identificación da materia e das súas propiedades.
- Propiedades observables dos materiais, a súa orixe e o seu uso en obxectos da vida cotiá de acordo coas necesidades de deseño para os que foron fabricados.
- As substancias puras e as mesturas: distinguir e separar mesturas heteroxéneas mediante distintos medios a través da experimentación.
- A luz e o son como formas de enerxía presentes na vida cotiá.
- Estructuras resistentes, estables e útiles. Experimentación e observación dos efectos das forzas sobre estruturas construídas con materiais de uso común na aula.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe
- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.
- Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación.
- Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
6	NAVEGAMOS POR INTERNET	11

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo.	PE	30
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Empregar ferramentas e procesos adecuados para identificar as características dos elementos do medio natural.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Empregar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Amosar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Facer predicións sobre fenómenos próximos a través da observación.	TI	70
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sinxela, relacionada co medio natural, en fontes seguras.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural.		
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Amosar actitudes de respecto para o gozo da natureza.		
CA2.5 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social.		
CA3.2 - Recoñecer a través de pequenas investigacións o comportamento da luz e do son ante diferentes corpos.	Realizar experimentos sinxelos con máquinas e outros dispositivos.		
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Amosar hábitos de vida sustentable.		
CA4.4 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Resolver problemas de programación simples.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual.</li> </ul>

## Contidos

- Identificación da materia e das súas propiedades.
- A luz e o son como formas de enerxía presentes na vida cotiá.
- Observación e identificación de máquinas e aparellos da súa contorna.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe
- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.
- Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación.
- Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional
- Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación.
- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa...).
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a empregar baséase nunha aprendizaxe competencial, que permite conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

A práctica educativa fundaméntase nos principios metodolóxicos das Teorías da aprendizaxe significativa, promovido por Ausubel, e doutras contribucións que favorecen a aprendizaxe:

- Favorecer un clima de clase acolledor onde se sintan cómodos sen medo a ser cuestionados.
- Planificar os obxectivos, actividades, contidos, recursos e avaliación de forma coherente.
- Reforzar a aprendizaxe colaboradora con actividades que favorezan a interacción, o diálogo e a colaboración cunha variedade de recursos. Favorecer a socialización entre o alumnado.
- Relacionar os coñecementos previos cos novos coñecementos.
- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado, empregando actividades de reforzo e ampliación.
- Lograr unha aprendizaxe significativa a través de actividades relacionadas coa vida cotiá, onde o alumnado é o protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Favorecer as actividades activas e manipulativas coas que o alumnado poida experimentar, tendo en conta os ritmos de aprendizaxes diferentes.
- Uso de diferentes soportes: imaxes, vídeos, mapas conceptuais. Ensino dixital para desenvolver a competencia dixital e como ferramenta de ensino-aprendizaxe.
- Uso de diferentes modalidades de traballo segundo o tipo de actividade: traballo en gran grupo, pequenos grupos, por pares e individual.

Levaranse a cabo:

- Actividades relacionadas co coidado do medio ambiente, para que se comprometan co planeta.
- A realización de proxectos conectados coa realidade que promove a aprendizaxe competencial. Cada unidade didáctica orgánizase ao redor dunha situación de aprendizaxe
- Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións da súa contorna e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo.
- Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de



saúde...).

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: libro de texto, material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio), dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta.

**RECURSOS TECNOLÓXICOS:** ordenadores, pizarras dixitais e cámaras.

**RECURSOS DIXITAIS:** vídeos educativos, libros dixitais, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

**RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, así como os diversos espazos da contorna.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

-Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

- Recoñecer as características básicas dos animais, plantas e do corpo humano a través dun debuxo.
- Actividades de comprensión e expresión oral a través de vídeos ou imaxes sobre diferentes tipos de ecosistemas, identificar materiais na aula ou obxectos e máquinas cotiás, empregando rutinas de pensamento como "Vexo-Penso-Pregúntome".

- Asemblea sobre a importancia do coidado do medio ambiente, hábitos saudables, ou outras temáticas.
- Realización de actividades dixitais empregando un ordenador.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	30	30	30	30	40	30	<b>32</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	70	70	70	70	60	70	<b>68</b>

### Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, resumos, esquemas, mapas conceptuais e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

$$\text{NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD1} + \text{NOTA UD2}) / 2$$

$$\text{NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD3} + \text{NOTA UD4}) / 2$$

$$\text{NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD5} + \text{NOTA UD6}) / 2$$

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Probas escritas: 30%. Táboa de indicadores: 70%

UNIDADE 2: Probas escritas: 30%. Táboa de indicadores: 70%

UNIDADE 3: Probas escritas: 30%. Táboa de indicadores: 70%

UNIDADE 4: Probas escritas: 30%. Táboa de indicadores: 70%

UNIDADE 5: Probas escritas: 40%. Táboa de indicadores: 70%

UNIDADE 6: Probas escritas: 30%. Táboa de indicadores: 70%

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.3 + nota 2ª avaliación x 0.4 + nota 3ª avaliación x 0.3

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

### Cráterios de recuperación:

Se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

## 6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias. Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo seguindo o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA).

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria. Por último, en canto ás medidas ordinarias hai que destacar o plan específico de reforzo para aquel alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias atopamos: apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como son:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resúmenes, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como son: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais.
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como son o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como son as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación para o consumo responsable.		X				X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.2 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Desenvolvemento sustentable.			X	X	X	
ET.5 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X				
ET.6 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Pendente de concretar	X	X	X
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos. Pendente de concretar.	X	X	X
Conmemoracións	Día Universal da Infancia, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia, Día Internacional das Persoas con Discapacidade, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día Internacional da Educación, Día Internacional da non violencia e da Paz, Día de Rosalía de Castro, Día Internacional da Muller, Día Mundial dos Dereitos do Consumidor, Semana da Prensa, Día das Artes Galegas, Día Mundial da Saúde, Semana do Libro, Día Internacional contra o Acoso Escolar, Día de Europa, Semana das Letras Galegas, Día Mundial do Ambiente.	X	X	X

### Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Resulta clara a vinculación entre o currículo e o proceso que se seguiu na aula.
Destaca o desenvolvemento de comportamentos éticos.
A vinculación cos desafíos do século XXI e cos ODS está clara.
A adquisición de aprendizaxes e habilidades estivo ben equilibrada.
Metodoloxía empregada
Queda claro o enfoque competencial.
As aprendizaxes instrumentais incorpóranse adecuadamente.
A interdisciplinabilidade é operativa.
A temporalización foi adecuada.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A planificación permite flexibilizar sesións de traballo, agrupamentos, organización das actividades?
Medidas de atención á diversidade
As actividades contribúen a que o alumnado alcance autonomía progresivamente.
Hai espazo para a reflexión persoal e grupal sobre o proceso de aprendizaxe
  - Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
RECURSOS PERSOAIS
RECURSOS MATERIAIS
RECURSOS TECNOLÓXICOS
RECURSOS DIXITAIS
RECURSOS ESPACIAIS

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial e a realización de proxectos. Entre os materiais pódense destacar: libro de texto, material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), dicionarios, láminas de apoio visual e libros de consulta..

**RECURSOS TECNOLÓXICOS:** ordenadores, pizarras dixitais e cámaras.

**RECURSOS DIXITAIS:** vídeos educativos e libros dixitais. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

**RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, así como os diversos espazos da contorna.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

- Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

- Expresión oral sobre un suxeito do seu interese.
- Comprensión lectora dun texto do seu interese.
- Realización de xogos silábicos.
- Realización de actividades dixitais empregando un ordenador.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	30	40	40	30	40	40	40	40	40	<b>38</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	70	60	60	70	60	60	60	60	60	<b>62</b>

### Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, resumos, esquemas, mapas conceptuais e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

$$\text{NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD1} \times 30) / 100 + (\text{NOTA UD2} \times 36) / 100 + (\text{NOTA UD3} \times 33) / 100$$



NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD4X36)/100 + (NOTA UD5X33)/100 + (NOTA UD6X33)/100

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD7X36)/100 + (NOTA UD8X33)/100 + (NOTA UD9X30)/100

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Probas escritas: 30%. Táboa de indicadores: 70%

UNIDADE 2: Probas escritas: 40%. Táboa de indicadores: 60%

UNIDADE 3: Probas escritas: 40%. Táboa de indicadores: 60%

UNIDADE 4: Probas escritas: 30%. Táboa de indicadores: 70%

UNIDADE 5: Probas escritas: 40%. Táboa de indicadores: 60%

UNIDADE 6: Probas escritas: 40%. Táboa de indicadores: 60%

UNIDADE 7: Probas escritas: 40%. Táboa de indicadores: 60%

UNIDADE 8: Probas escritas: 40%. Táboa de indicadores: 60%

UNIDADE 9: Probas escritas: 40%. Táboa de indicadores: 60%

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.33 + nota 2ª avaliación x 0.34 + nota 3ª avaliación x 0.33

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

### **Criterios de recuperación:**

Se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias. Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo seguindo o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA).

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria. Por último, en canto ás medidas ordinarias hai que destacar o plan específico de reforzo para aquel alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias atopamos: apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como son:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos, etc.

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como son: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais.

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como son o uso de imaxes ou apoios visuais.

- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como son os contacontos, visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento					X	X		
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible		X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)		X	X					
ET.6 - Educación emocional e de valores	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Emprendemento	
ET.2 - Igualdade de xénero	X
ET.3 - Educación para a paz	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)	X
ET.6 - Educación emocional e de valores	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Pendente de concretar	X	X	X
Saídas á contorna	Pendente de concretar	X	X	X
Conmemoracións	Día Universal da Infancia, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia, Día Internacional das Persoas con Discapacidade, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día Internacional da Educación, Día Internacional da non violencia e da Paz, Día de Rosalía de Castro, Día Internacional da Muller, Día Mundial dos Dereitos do Consumidor, Semana da Prensa, Día das Artes Galegas, Día Mundial da Saúde, Semana do Libro, Día Internacional contra o Acoso Escolar, Día de Europa, Semana das Letras Galegas, Día Mundial do Ambiente.	X	X	X

### Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Resulta clara a vinculación entre o currículo e o proceso que se seguiu na aula.
Destaca o desenvolvemento de comportamentos éticos.
A vinculación cos desafíos do século XXI e cos ODS está clara.
A adquisición de aprendizaxes e habilidades estivo ben equilibrada.
Metodoloxía empregada
Queda claro o enfoque competencial.
As aprendizaxes instrumentais incorpóranse adecuadamente.
A interdisciplinabilidade é operativa.
A temporalización foi adecuada.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A planificación permite flexibilizar sesións de traballo, agrupamentos, organización das actividades?
Medidas de atención á diversidade
As actividades contribúen a que o alumnado alcance autonomía progresivamente.
Hai espazo para a reflexión persoal e grupal sobre o proceso de aprendizaxe.
Clima de traballo na aula
Os alumnos sentíronse motivados polos retos e desafíos que se expoñen.
Prestou atención á expresión persoal dos alumnos.
As interaccións entre o alumnado fanse progresivamente máis fluídas.
A convivencia na aula e as relacións van avanzando positivamente ao longo do curso.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
O proceso levouse a cabo con fluidez.
Outros
Os criterios establecidos facilitan a avaliación continua e a autoavaliación.
Os instrumentos de avaliación proporcionan información valiosa.

### Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	2º Pri.	5	175

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	29

## 1. Introducción

Esta programación didáctica desenvolverase na área de matemáticas para o alumnado do segundo curso da etapa, polo que a maioría dos alumnos e alumnas teñen sete anos. Dentro da diversidade do grupo atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

En relación á contorna, o centro educativo no que se desenvolverá a programación é o CPIP Plurilingüe Antonio Orza Couto, situado dentro da comarca de Santiago.

Traballaremos intradisciplinariamente os seis bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, "Sentido numérico"; o bloque número 2, "Sentido da medida"; o bloque número 3, "Sentido espacial"; o bloque número 4, "Sentido algebraico y pensamiento computacional", o bloque 5 "Sentido estocástico" e o bloque 6 "Sentido socioemocional".

A liña de traballo a seguir baséase na comprensión conceptual e dos procedementos a través da manipulación e a experimentación.

Tamén, a atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito das matemáticas para potenciar a inclusión, xa desde as idades máis novas, e para dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais do alumnado.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		2-3	2-4
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			1-3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1



Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrito, gráfico, multimodal e a terminoloxía matemática apropiados, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas.	1-2-3-5		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Carreira benéfica	Os alumnos e alumnas van a deseñar un circuito e as normas que deben seguirse para unha carreira benéfica. Ademais, deben organizar un horario para que cada grupo poida entrenar antes da carreira e, así, mellorar as súas marcas. Esta tarefa nos permitirá practicar operacións de suma, resta y cálculo mental.	15	35	X		
2	Vamos de excursión	O alumnado vai a organizar unha excursión en tren. Decidirán cal é o tren que collen para o traxecto de ida e o de volta, a que hora quedan para saír e a que hora chegan. Tamén elaborarán un horario coas actividades que van a realizar na excursión. Esta tarefa permitiranos practicar operacións de suma, resta e cálculo mental.	15	34	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	As matemáticas e a natureza	Propoñeremos aos nenos e nenas o deseño dos xardíns de acceso a un centro de maiores. Establecerase un orzamento e terán que analizar o que poderán mercar con ese diñeiro. Analizarán o espazo dispoñible, o prezo das prantas e flores, e como as van a colocar no xardín. Empregarán unha lámina visual para coñecer prezos e os troqueles de moedas e billetes para que se familiaricen co diñeiro e as compras. Esta tarefa permite practicar operacións de sumas, restas, multiplicacións e cálculo mental.	15	26		X	
4	Xogos no patio	O alumnado deseñará e elaborará un xogo para o patio. Para iso, elixirán un xogo, elaborarán unha ficha sobre el e levaremos a cabo todo o necesario para poñelo en marcha. Para iso, deberán informarnos sobre como se xoga, o sistema de puntuación, as normas, etc. Despois, participarán nos diferentes xogos. Esta tarefa permitiranos practicar operacións de sumas, restas, multiplicacións e cálculo mental.	20	26		X	
5	O circo	A partir da situación de aprendizaxe na que un circo chega á nosa localidade, calcularán canto peso levanta cada un. Ademais, traballarán a simetría, xa que é importante que nos dous lados das barras se levante o mesmo peso. Esta tarefa nos permitirá practicar operacións de sumas, restas, multiplicacións e cálculo mental.	15	28			X
6	Aforramos auga	Co obxectivo de dar a coñecer aos alumnos e ás alumnas a importancia da auga na vida das persoas, propoñemos realizar un estudo sobre a cantidade de auga que beben ao longo dun día e comprobar se é suficiente segundo as recomendacións sanitarias. Esta tarefa nos permitirá practicar operacións de sumas, restas, multiplicacións e cálculo mental.	20	26			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Carreira benéfica	35

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.9 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Resolve problemas matemáticos.	PE	50
CA2.1 - Aceptar a tarefa e o rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Participa, con responsabilidade, no traballo en equipo.		
CA2.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Establece conexións entre as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas.		
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Identifica as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos.		
CA4.8 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñece conexións entre os diferentes elementos matemáticos.		
CA4.9 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Resolve problemas e explica os pasos seguidos.		
CA5.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Recoñece a información contida en problemas da vida cotiá.		
CA5.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Obtén solucións a problemas.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Identifica as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos.		
CA6.6 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Establece conexións entre os diferentes elementos matemáticos.		
CA1.8 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Establece conexións entre as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas.	TI	50
CA2.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Expón ideas e procesos matemáticos sinxelos.		
CA3.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Establece relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		
CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolve problemas, aplicando estratexias básicas.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.	Emprega ferramentas tecnolóxicas adecuadas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosa actitudes positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosa actitudes positivas ante novos retos matemáticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cálculo</li> <li>- Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 999 con explicación dos procesos.</li> <li>- Cantidade</li> <li>- Identificación, lectura, escritura e representación (recta numérica, ábaco, bloques multibase e outros materiais manipulativos) de números naturais ata o 999.</li> <li>- Sentido das operacións</li> <li>- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas con uso guiado dos procesos adecuados.</li> <li>- Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, elaboración con flexibilidade e sentido, expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados, expresión ordenada destes e explicitación do proceso seguido.</li> <li>- Relacións</li> <li>- Identificación, representación e uso dos números pares e impares en contextos cotiás, investigando propiedades e relacións de forma guiada.</li> <li>- Magnitude</li> <li>- Identificación, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións habituais.</li> <li>- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións</li> <li>- Localización e sistemas de representación</li> <li>- Patróns</li> <li>- Estratexias para a identificación das regularidades nunha colección ou secuencia de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás, con descrición oral e extensión da secuencia.</li> <li>- Organización e análise de datos</li> <li>- Lectura e interpretación de datos en representacións gráficas sinxelas para resolver problemas significativos.</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións</li> <li>- Orde, claridade e limpeza como actitude que cómpre desenvolver no traballo matemático cotián.</li> <li>- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade</li> <li>- Actitude crítica no propio traballo en equipo ante actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, analizar producións: responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.</li> <li>- Contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático e a súa contribución a ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Vamos de excursión	34

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Emprega estratexias para resolver problemas.	PE	55
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realiza conxecturas matemáticas sinxelas.		
CA2.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Establece conexións entre as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas.		
CA3.2 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Emprega estratexias adecuadas á resolución de problemas.		
CA3.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñece as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas.		
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Emprega exemplos de situacións problematizadas sinxelas.		
CA5.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Recoñece a información contida en problemas da vida cotiá.		
CA5.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Emprega estratexias adecuadas na resolución de problemas.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Identifica as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Establece relacións saudables, baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		
CA6.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñece as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participa no traballo en equipo.	TI	45
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Recoñece a información contida en problemas da vida cotiá.		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Expón exemplos de problemas a partir de situacións cotiás.		
CA3.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Coñece a linguaxe matemática sinxela.		
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Emprega estratexias adecuadas na resolución de problemas.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosa atitudes positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realiza conxecturas matemáticas sinxelas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cálculo</li> <li>- Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 999 con explicación dos procesos.</li> <li>- Cantidade</li> <li>- Identificación, lectura, escritura e representación (recta numérica, ábaco, bloques multibase e outros materiais manipulativos) de números naturais ata o 999.</li> <li>- Sentido das operacións</li> <li>- Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 999 en contextos significativos, con explicación oral das estratexias desenvoltas, iniciación na autorregulación do proceso e valoración do erro como parte da aprendizaxe.</li> <li>- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas con uso guiado dos procesos adecuados.</li> <li>- Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, elaboración con flexibilidade e sentido, expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados, expresión ordenada destes e explicitación do proceso seguido.</li> <li>- Relacións</li> <li>- Identificación, representación e uso dos números pares e impares en contextos cotiás, investigando propiedades e relacións de forma guiada.</li> <li>- Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 999) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta.</li> </ul>

## Contidos

- Magnitude
- Identificación, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións habituais.
- Construción dun modelo de reloxo analóxico con materiais sinxelos como recurso para coñecer a relación entre os seus elementos, así como a representación das medidas temporais presentes.
- Lectura da hora (en punto, medias e cuartos) en reloxos analóxicos e dixitais de forma contextualizada.
- Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na xestión das emocións (tempo de espera, tempo de calma e relax, quendas de intervención), na planificación do traballo escolar e no relato de experiencias persoais (secuencias temporais).
- Medición
- Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos, termómetros) para resolver problemas cotiáns e achegarse á medición eficaz (selección do instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades) con explicación verbal e gráfica do proceso seguido.
- Estimación e relacións
- Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades, tempos, temperatura) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises de acertos e erros como parte do proceso de aprendizaxe.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
- Análise, comparación e descrición de obxectos cotiáns e elementos destes, así como de imaxes, cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras (triángulo, cadrado, rectángulo, rombo e círculo), os seus elementos (ladros, ángulos e vértices) e as súas propiedades.
- Construción individual e en equipo de figuras xeométricas, logo da análise, exploración e recoñecemento de regularidades e propiedades; composición e descomposición manipulativas con recursos funxibles, non funxibles como pezas de construción, bloques, mecanos, xeoplanos, tangram, xogos de figuras e ferramentas dixitais.
- Experimentación a partir da composición e descomposición de figuras planas para formar outras, mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, tangram) e ferramentas dixitais, con explicación do proceso seguido e demostrando curiosidade por descubrir relacións, propiedades e patróns con perseveranza ante os retos.
- Localización e sistemas de representación
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, a linguaxe oral, a contorna físico-natural, os xogos e planos do seu contexto próximo.
- Patróns
- Estratexias para a identificación das regularidades nunha colección ou secuencia de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás, con descrición oral e extensión da secuencia.
- Organización e análise de datos
- Lectura e interpretación de datos en representacións gráficas sinxelas para resolver problemas significativos.
- Resolución de problemas cotiáns, familiares e próximos en equipo co emprego de estratexias sinxelas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos e cuantitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos simples e recursos tradicionais manipulables e tecnolóxicos.
- Crenzas, actitudes e emocións

### Contidos

- Expresión oral, gráfica ou escrita das propias emocións ante as matemáticas para identificalas e atopar fórmulas persoais de xestión.
- Promoción de preguntas e pequenas investigacións matemáticas como estratexias para fomentar a curiosidade e iniciativa na súa aprendizaxe.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, analizar producións: responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas e a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea.

UD	Título da UD	Duración
3	As matemáticas e a natureza	26

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Emprega estratexias para resolver problemas.	PE	50
CA2.1 - Aceptar a tarefa e o rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Participa, con responsabilidade, no traballo en equipo.		
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolve problemas, de forma guiada.		
CA3.3 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realiza conxecturas matemáticas sinxelas.		
CA3.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñece as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas.		
CA3.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Expón ideas e procesos matemáticos sinxelos.		
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Emprega exemplos de situacións problematizadas sinxelas.		
CA5.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Recoñece a información contida en problemas da vida cotiá.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Establece relacións saudables, baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participa no traballo en equipo.	TI	50
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Recoñece a información contida en problemas da vida cotiá.		
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Obtén solucións a problemas.		
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	Explica as solucións dun problema.		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Expón exemplos de problemas a partir de situacións cotiás.		
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñece a linguaxe matemática sinxela.		
CA3.4 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Emprega e describe principios básicos do pensamento computacional.		
CA3.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Coñece a linguaxe matemática sinxela.		
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Emprega estratexias adecuadas na resolución de problemas.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosa actitudes positivas ante novos retos matemáticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cálculo</li> <li>- Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 999 con explicación dos procesos.</li> <li>- Cantidade</li> <li>- Composición, descomposición e recomposición de números naturais en contextos cotiáns ata 999 investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso seguido.</li> <li>- Representación dunha mesma cantidade ata 999 de forma manipulativa, gráfica e numérica segundo requira cada situación, reto ou problema da vida cotiá.</li> <li>- Sentido das operacións</li> <li>- Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 999 en contextos significativos, con explicación oral das estratexias desenvoltas, iniciación na autorregulación do proceso e valoración do erro como parte da aprendizaxe.</li> </ul>

## Contidos

- Agrupacións manipulativas e gráficas de cantidades repetidas (2, 3, 4, 5 e 10), con investigación dos patróns para introducir a multiplicación en contextos habituais.
- Relacións
- Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 999) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta.
- Educación financeira
- Resolución individual e en equipo de problemas sinxelos da vida diaria nos que se manexen prezos de obxectos cotiáns e se empreguen, relacionadas con eses prezos, moedas e billetes de euro, ademais das súas equivalencias.
- Magnitude
- Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade, temperatura), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima.
- Estimación e relacións
- Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades, tempos, temperatura) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises de acertos e erros como parte do proceso de aprendizaxe.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
- Análise, comparación e descrición de obxectos cotiáns e elementos destes, así como de imaxes, cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras (triángulo, cadrado, rectángulo, rombo e círculo), os seus elementos (ladros, ángulos e vértices) e as súas propiedades.
- Construción individual e en equipo de figuras xeométricas, logo da análise, exploración e recoñecemento de regularidades e propiedades; composición e descomposición manipulativas con recursos funxibles, non funxibles como pezas de construción, bloques, mecanos, xeoplanos, tangram, xogos de figuras e ferramentas dixitais.
- Experimentación a partir da composición e descomposición de figuras planas para formar outras, mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, tangram) e ferramentas dixitais, con explicación do proceso seguido e demostrando curiosidade por descubrir relacións, propiedades e patróns con perseveranza ante os retos.
- Observación, manipulación e xogo para a identificación de simetrías en figuras xeométricas sinxelas e completión de figuras simétricas.
- Localización e sistemas de representación
Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	2º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	32

## 1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no "Decreto XX/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organízase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise
- creación e interpretación

Neste curso académico contamos con 22 alumnos

Neste centro farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas musicais e da danza do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural,

artística e social, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e cohesionador social.

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente PD está pensada para poder traballar conxuntamente xunto coa outra materia de ámbito artístico deste centro: Educación Plástica e Visual.

Cada unha das 6 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle o alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o

corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Ao mesmo tempo, coa finalización deste 2º nivel remata tamén o 1º ciclo de primaria, algo contemplado nesta PD. Así pois, búscase que o alumnado continúe o afianzamento dos contidos traballados no curso anterior, especialmente no 1º trimestre, por un lado, e que experimente unha progresión destes e comece a adquisición doutros novos, polo outro.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

### Descrición:

#### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	GARAVANCÑO	- Os sons do outono. - As calidades do son. -As figuras musicais e os silencios.. . Instrumentos de pequena percusión	17	6	X		
2	CONTO DE NADAL	- Os sons do NADAL - As notas no pentagrama - O pulso e o acento - O compás binario - Xogos musicais	16	6	X		
3	PEDRIÑO O BONECO DE NEVE	- A branca - Voz, instrumentos da escola e percusión corporal - A nota si no pentagrama -	17	6		X	
4	A GALIÑA POÑEDORA	- Os sons do Entroido - A nota DO no pentagrama - Ritmos e melodías -Instrumentos de placas	18	6		X	
5	A SERPE E O ARCO DA VELLA	- A nota FA no pentagrama - Partitura no convencional - As notas no pentagrama - -A nota LA	16	6			X
6	OS NÓS DA REDE	-A nota RE no pentagrama - Esquemas melódicos e rítmicos - Notas SI e LA - Familias instrumntais	16	5			X



### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	GARAVANCÑO	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Realiza ditados de negra e silencio; outros de son rápido e curto; outros de son forte e piano; outros de son agudo e grave e outros de pulso con e sen acento.	PE	20
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre fragmentos e obras representativas de distintos tipos de músicas	TI	80
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas e musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Propón e reproduce rítmicamente co corpo fórmulas de pregunta-resposta de 4 pulsos.		
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Interpreta combinacións rítmicas de 8 pulsos, con graffías non convencionais, de sons fortes e pianos, outras de sons longos e curtos e outras de sons agudos e graves.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre danzas e musicogramas de diferentes estilos		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Imita, en espello, movementos corporais e propón estes e outros para seren imitados pola clase. Coa música do Carnaval dos animais de Saint-Säens imita corporalmente o correspondente animal terrestre.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.</li> <li>- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos.</li> <li>- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión e diversi</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	CONTO DE NADAL	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica e representa: negra, branca, silencio (negra e branca), dobre corcheas e clave de sol. Identifica as notas mi, sol,	PE	20
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas musicais de diferentes estilos	TI	80
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Le e interpreta liñas rítmicas de ata 4 compases de 2/4 (figuras: negra, silencio de negra e dobre corchea).		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, incluíndo as principais profesións vinculadas ás artes escénicas e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Utiliza vocabulario específico sobre temas culturais		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza movementos para seren imitados en espello pola clase. Coa música do Carnaval dos animais de Saint-Säens imita corporalmente o cuco ou as aves da paxareira, respectivamente.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de graffas non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> <li>- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos.</li> <li>- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.</li> <li>- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	PEDRIÑO O BONECO DE NEVE	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Asocia o son dalgúns instrumentos e/ou voces ao debuxo correspondente. Realiza ditados de 6 pulsos: rítmicos (negra, silencio de negra e dobre corchea) e melódicos (mi e sol).	PE	15
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas musicais con instrumentos de materiais sinxelos, refugallo e/ou reciclaxe.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias utilizando o seu corpo como medio de expresión		
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Le e entoa unha partitura de ata 4 compases de 2/4 (notas: mi e sol; figuras: negra, silencio de negra).	TI	85
CA2.5 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Participa nun grupo que experimenta con diferentes instrumentos e obxectos sonoros, incluíndo de refugallo e/ou reciclaxe,		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa na busca de información ca mestra e o resto dos nenos		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Coa música do Carnaval dos animais de Saint-Saëns imita corporalmente o cisne ou animais mariños, respectivamente.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Participa nun grupo que diseña e interpreta unha pequena coreografía sobre unha música elixida e que empregue movementos que imiten diferentes tipos de animais.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical.</li> <li>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Recursos dixitais básicos para música.</li> <li>- Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación básicas.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.</li> <li>- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos.</li> <li>- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.</li> </ul>

**Contidos**

- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.

UD	Título da UD	Duración
4	A GALIÑA POÑEDORA	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, empregando o vocabulario específico básico destas.	Asocia os instrumentos musicais propostos á familia correspondente de cada un: corda, vento ou percusión.	TI	100
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa na elaboración dun mural grupal sobre os animais e instrumentos do Carnaval dos animais de C. Saint-Säens.		
CA1.5 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas identificando algunha diferenza e algunha similitude entre elas.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa grupalmente na creación dun pequeno conto con animais, empregando diferentes instrumentos e obxectos sonoros para a súa dramatización.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas explicando parte do proceso.		
CA3.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas identificando algunha diferenza e algunha similitude entre elas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Reproduce xestual e corporalmente os animais interpretados nos pequenos contos creados polos outros grupos.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas explicando parte do proceso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.</li> <li>- Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> <li>- Recursos dixitais básicos para as artes escénicas e performativas.</li> <li>- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión e diversi</li> <li>- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.</li> <li>- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	A SERPE E O ARCO DA VELLA	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Manifesta interés por as actividades de movemento	TI	100
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Cumple as normas de clase		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Utiliza o seu corpo para expresarse		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Colabora nas actividades propostas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> <li>- Recursos dixitais básicos para as artes escénicas e performativas.</li> <li>- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas.</li> <li>- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
6	OS NÓS DA REDE	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta actitudes colaborativas na clase	TI	100
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Participa nas actividades de canto e de tocar instrumentos		
CA2.5 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Coñece os elementos básicos da linguaxe musical		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Manten a atención durante a clase		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresase de forma libre sen medos		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza das actividades propostas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de grafas non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación básicas.</li> <li>- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e

brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgunhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
- Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.
- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
instrumentos de pequena percusión
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
Altofalantes
Piano electrónico
Fruta doce
Estoxo

Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

A aula, se ben é espazosa, para o aspecto da Danza precisa de desprazar un pouco as mesas,

Nese senso, o encerado é dixital e táctil e permite escribir nel, mais está ubicado un pouco baixo de máis, o que, se ben permite que o alumnado acceda a el con facilidade, á hora de sentarse o alumnado de primaria, hai

que colocalo especificamente para que todo este poida ver o encerado sen problema.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste .

#### **5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo na 1ª sesión, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

-alumnado do centro, do cal a persoa docente

desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente o curso anterior -alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita proba consistirá de:

- unha execución guiada dunha selección e s p e c í f i c a d e xogos/exercicios/cançons/fragmentos que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro
- unha ficha escrita para comprobar o coñecemento, fundamentalmente, de elementos da linguaxe musical de 1º primaria.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha

atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	16	17	18	16	16	100
Proba escrita	20	20	15	0	0	0	9
Táboa de indicadores	80	80	85	100	100	100	91

### Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación, xa que os criterios de cualificación de 2º de primaria son fundamentalmente observativos.

Neste 2º nivel, e en todo o primeiro ciclo, trátase de que participen e gocen cas actividades propostas.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 50% + UD2 50%

-2º trim.: UD3 50% + UD4 50%

-3º trim.: UD5 50% + UD6 50%

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

**Criterios de recuperación:**

En principio o ser unha avaliación observativa e de traballo na Aula (non levan deberes), xa se vai observando día a día a súa evolución.

Se algún neno/a precisase recuperación xa lle fago eu apoio en Aula para que non precise



recuperación.

A todo isto hai que ter en conta que en cada avaliación se tomará como referencia, o que traballen en cada unidade, é dicir, que terásese en conta o traballo feito nas dúas primeiras Unidades para poñer a nota da primeira avaliación e así sucesivamente.

#### **6. Medidas de atención á diversidade**

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención

educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á

súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade

e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacústico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X		X	X	X	
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X		
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X		
ET.4 - Competencia dixital	X	X		X		
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X		
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X			
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

Os elementos transversais, eiquí numerados, 1-6 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto didáctico	A danza do zoo. No salón de actos do cloxio luns 9 de outubro	X		
Concerto inicio curso	Paco Pacolas	X		
Posibilades de outras actividades	Sen determinar		X	X

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado
Medidas de atención á diversidade
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.
Outros
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.

**Descrición:**

En liñas xerais, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo. De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral,

a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD. Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:



- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria

final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	2º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverán a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurárase neste curso como un proxecto mediante a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima e a autonomía. Ademais, orientárase ao alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no CPIP Antonio Orza Couto. Este centro está emprazado no Concello de Boqueixón, situado entre Santiago de Compostela e o Val do Ulla. Limita ao norte cós municipios de O Pino e Santiago, ao sur có de Vedra e coa provincia de Pontevedra, ao leste có de Touro e coa provincia de Pontevedra e ao oeste cós de Santiago e Vedra. Ten unha superficie de 70,1 km e unha poboación en torno aos 4500 habitantes, agrupados en 14 parroquias pertencentes á arquidiocese de Santiago, con 10 entidades de poboación. Estas parroquias son: Boqueixón, Codeso, Donas, Gastrar, Granxa, Lamas, Ledesma, Lestedo, Loureda, Oural, Pousada, Sergude, Sucira e Vigo.

Boqueixón conta cunha poboación, segundo datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) do ano 2017, de 4291 habitantes. O concello amosa unha estrutura poboacional con características propias dunha área rural. Destaca a poboación ocupada na agricultura e no sector servizos.

A economía das familias ven determinada pola proximidade de Compostela; explotacións gandeiras, agrícolas, forestais e servizos serían as principais ocupacións das familias. Podemos falar dun nivel socio-económico medio. A vida cultural céntrase en boa medida na presenza do centro escolar, nas achegas do Concello a través dos centros socio-culturais e a proximidade á cidade de Santiago. A xornada escolar é continua (09:00 a 14:00).

O grupo seleccionado de 2º EP, está composto por 3 alumnos e alumnas.

Características psicoevolutivas do alumnado de 1º CICLO (6 a 8 anos).\_\_\_\_\_

- Ámbito cognitivo: están na idade de tránsito da etapa preoperacional ás das operacións concretas (Piaget), na cal existe unha diminución do pensamento egocéntrico e aumento da capacidade de centrarse en máis dun estímulo.
- Ámbito motor: comezan a consolidar o seu esquema corporal (ton, relaxación e respiración) e a controlar condutas motrices de base (postura, equilibrio e coordinación); a dominar condutas perceptivo motrices: estruturación espacial / temporal, lateralidade e ritmo. Conseguen o control independente dos segmentos corporais e perfeccionan a motricidade fina e grosa.
- Ámbito afectivo-social: consolidan e amplían o seu proceso de socialización, relacionándose cos demais, respectando regras, dialogando-escoitando e cooperando.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Como se fan os deseños animados?	Determinase o tema en base aos centros de interese do alumnado (Decroly). Nesta sentido, seguindo o método de proxectos (Kilpatrick, Dewey), decídese investigar sobre os deseños animados, dando resposta ás seguintes preguntas: que sabemos?, que queremos saber?, onde procuramos a información? e, finalmente, que facemos coa información?	20	13	X		
2	Aprendemos a facer os nosos deseños animados con stop motion.	Nesta fase o alumnado deberá responder ás seguintes preguntas: que aprendemos?, como podemos elaborar o noso produto final? (un vídeo de deseños animados). Coas aprendizaxes realizadas xa estamos en condicións de elaborar o produto. Pode levar consigo, este instante, unha volta ao punto de partida e permite reflexionar sobre o proceso seguido até chegar aquí, como foi a participación do grupo e que camiños alternativos posibles habería.	35	12		X	
3	Presentamos ao público os nosos deseños animados	Preséntase o produto final ao resto de compañeiros/as do ciclo, explicando as diferentes fases que tiveron que percorrer para poder chegar ao resultado final. Ademais, responderase á pregunta: que aprendemos? Así, valórase a aprendizaxe realizada, facendo propostas de mellora. Significa un contraste entre o inicio e o punto de chegada.	45	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Como se fan os deseños animados?	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia dos deseños animados dun punto de vista lúdico e cultural, como parte do patrimonio audiovisual galego e internacional	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto audiovisual.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Aprendemos a facer os nosos deseños animados con stop motion.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Presentamos ao público os nosos deseños animados	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto audiovisual		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.	TI	100
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.



#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo do ano académico levarase a cabo o seguinte proxecto: "Aprendemos a crear deseños animados".

Do punto de vista metodolóxico, seguiremos ademais as seguintes pautas:

- O proxecto enfocárase ao desenvolvemento no alumnado dunha actitude responsable e crítica a partir da toma de conciencia das problemáticas ás que se enfrontan a sociedade e as persoas que nela conviven, desde unha visión sistémica, tanto local como global, e da reflexión crítica sobre os factores internos e externos que inciden nela, asumindo a responsabilidade persoal na procura de solución para estas.
- O deseño do proxecto será significativo e desenvolverase en contextos reais que permitan ao alumnado experimentar e vivenciar o proxecto, ter tempos e espazos de protagonismo, así como obter o recoñecemento da súa valía persoal e das súas contribucións aos diferentes grupos nos que desenvolva a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- As actividades que se propoñan dirixiranse a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade, a conexión entre os diferentes saberes e a mobilización conxunta das competencias necesarias para utilizar o razoamento lóxico e analizar e axuizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A realización do proxecto contribuirá á alfabetización informacional e dixital, empregando destrezas e habilidades na procura e na selección de información, o uso ético desta e a xeración de contidos, introducindo as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas de documentación e comunicación que permitan ao alumnado almacenar, organizar, transferir e presentar o traballo elaborado ao longo do curso.
- Impulsarase o traballo cooperativo para a realización das tarefas, que lles permita ás alumnas e aos alumnos a análise, a expresión e a interpretación de pensamentos, sentimentos e feitos, así como o uso da linguaxe para regular a conduta e relacionarse coas demais persoas.
- Estimularase a axuda mutua e o traballo colaborativo co que, a través da comunicación oral, o diálogo e a interacción entre o alumnado, se contribuirá a desenvolver a competencia para participar activamente nun equipo, a análise e a reorganización das propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e das propias limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas e a solidariedade, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- O carácter colectivo do proxecto buscará a inclusión do alumnado, desenvolvendo empatía e xenerosidade.
- Empregaranse distintos métodos que terán en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorecerán a capacidade de aprender por si mesmo. Estes métodos deben fundamentarse na relación entre o progreso persoal e o académico, porque equilibrio afectivo e aprendizaxe van unidos e fortalécense mutuamente.
- As propostas metodolóxicas favorecerán que se integren na vida cotiá do alumnado o coñecemento de principios, valores e estratexias de regulación emocional, contribuíndo así á súa incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria, desenvolvendo a capacidade de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, exercer a cidadanía activa e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.
- Na aula creárase un clima emocional de confianza e seguridade que facilite que progresivamente, o alumnado acepte a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas e reforce as súas emocións positivas, aprendendo a manexar a ansiedade e a controlar as condutas asociadas ás emocións negativas, evolucionando desde unha posible falta de confianza inicial ata a satisfacción que supón ter a oportunidade de presentar en público as propias ideas e opinións.
- Farase énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno do proxecto
Libros informativos e materiais audiovisuais
Lapis, pinturas, gomas, tesoiras...
Papel continuo, cartolinas e masa de modelar

Computadores e software: stop motion

O espazo no que se desenvolverán as aulas consiste nunha sala convenientemente equipada cun cadro dixital interactivo e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará as necesarias mudanzas na súa distribución para o traballo grupal. Ademais, utilizaremos a sala de informática, equipada cos computadores e o software necesario para a realización do proxecto.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio do ano académico, nas primeiras sesións, realizarase unha proba diagnóstica inicial ao conxunto do alumnado. O seu obxectivo é facilitar información sobre o grao de desenvolvemento das competencias que serán necesarias para a realización do proxecto. Da mesma maneira, identificaranse as posíbeis dificultades de aprendizaxe ou altas capacidades, se as houber. Dita información servirá para personalizar e individualizar o proceso de ensino-aprendizaxe, partindo dos principios rectores de equidade e inclusividade do proceso educativo. Os resultados obtidos nas citadas probas daranse a coñecer durante unha reunión convocada pola xefatura de estudos do centro no inicio do ano académico na que se encontrará a totalidade da xunta avaliadora. En función da avaliación realizada, contando ademais co consello do Departamento de Orientación, levaranse a cabo as medidas de atención educativa pertinentes.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	35	45	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

#### Criterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvolven as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar nalgúns aspectos.

Todo alumnado ten dereito a unha avaliación o máis obxectiva posible e debe coñecer claramente o sistema de avaliación de forma que o/a alumno/a teña control sobre a aprendizaxe e a avaliación.

Débense variar os instrumentos de avaliación para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.

A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliación para todos porque non todos aprenden da mesma forma. Algúns poden pensar que temos que facer unha avaliación para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliación.

#### COMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO?

A avaliación será Criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo comparase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas.

Ao ser unha programación didáctica para 1º Ciclo empregaremos Instrumentos Cualitativos, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación.

Rexistraremos diariamente o que acontece nas sesións, empregando diferentes Instrumentos de Avaliación:

- REXISTRO ANECDÓTICO: reflectiranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.
- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se

indicará simplemente se se realizan ou non.

- RÚBRICAS: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.

- COAVALIACIÓN: o alumnado será o responsable de avaliar aos seus compañeiros en aspectos e accións definidas polo docente.

CANDO SE AVALÍA?

1- AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3. Avaliación das Unidades Didácticas desta programación.

2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:

Para avaliar cada trimestres teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres.

A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, sempre tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1. Relación das Unidades Didácticas desta programación.

Curso 2023/2024:

1º TRIMESTRE (1 UD - 20%):

- UD. 1: 100% = equivalente a un 10 da nota 1º trimestre.

2º TRIMESTRE (1 UD - 35%):

- UD. 2: 100% = equivalente a un 10 da nota 1º trimestre.

3º TRIMESTRE (1 UD - 45%):

- UD. 3: 100% = equivalente a un 10 da nota 1º trimestre.

3. AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA) :

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da porcentaxe de peso da UD marcada no apartado 3.1 no desenvolvemento das Ud. desta programación didáctica, onde cada unha das Unidades Didácticas ten marcada a porcentaxe de peso que acarreta o seu contido neste ano académico.

Baseándonos nisto as notas que o alumnado tivo en cada un dos trimestres suporán a seguinte porcentaxe da nota final.

Curso 2022/2023:

- 1º TRIMESTRE (1 UD): 20% equivalente a un 2,0 da nota final

- 2º TRIMESTRE (1 UD): 35 % equivalente a un 3,5 da nota final

- 3º TRIMESTRE (1 UD): 45 % equivalente a un 4,5 da nota final

- ORDINARIA (suma das 3 UD): 100% equivalente a 10.

### **Criterios de recuperación:**

Para o alumnado que non atinxa o grao de consecución mínima dos obxectivos e competencias clave estableceremos as seguintes premisas:

1.- Os criterios de avaliación formulados de xeito progresivo. Ficarán superados cando na seguinte avaliación foren atixidos.

2.- Os criterios de avaliación formulados de xeito non progresivo. Proporánselle actividades ao longo do ano académico -nas distintas UD- para que o alumnado teña a posibilidade de lograr o grao mínimo de consecución das Competencias Clave e dos obxectivos formulados.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Atendendo ao marco da ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención a diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

É evidente que cada alumno/a é diferente e que estas diferenzas son consecuencia de diversos factores como son as capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, entre outras. O feito de que o currículo sexa aberto e flexible proporciona un instrumento esencial para o tratamento da diversidade. A programación debe prever unha adecuación

á inherente diversidade presente no alumnado co obxectivo de personalizar e individualizar o proceso de ensino-aprendizaxe.

MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE. \_\_\_\_\_

No traballo diario estableceranse unha serie de medidas de carácter xeral, que permitirán adaptar o proceso educativo á diversidade do grupo.

Realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada neno/a; tanto na programación como nas unidades didácticas traballarase dende un nivel básico ata un avanzado, establecendo uns obxectivos mínimos que deben atinxir todos/as e outros máis amplos en relación a diversidade de capacidades. Ademais, as actividades son adaptadas e van do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral. A nivel organizativo partiremos de grupos de traballo flexíbeis, o que permite ao alumnado realizar actividades de ampliación e reforzo e adaptar o ritmo de introdución dos novos contidos. Do mesmo modo, procurarase que o alumnado realice as tarefas de forma autónoma, cobrando especial importancia as tarefas realizadas co computador e a biblioteca.

ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo). \_\_\_\_\_

A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Algúns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos. A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten un problema particular e concreto e que todo o profesorado, incluído o que leciona esta materia, terá que adaptar o currículo e a programación ás súas necesidades e posibilidades.

SITUACIÓN ACTUAL DO GRUPO - AULA DE 2º NIVEL DO 1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. \_\_\_\_\_

No grupo ao que está dirixida esta programación non existe alumnado con NEAE. No caso de se detectaren ao longo do ano académico, aplicaranse as orientacións psicopedagóxicas fornecidas polo Departamento de Orientación, así como polos protocolos oficiais de carácter prescricional.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita			X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X		X
ET.4 - Competencia Dixital	X		X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico		X	

### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación na semana cultural.	Difusión informativa do proxecto.			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,...
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
Alumnado: conseguíuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Interdisciplinaredade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).

Outros

Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais ( comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)

### **Descrición:**

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se for preciso. Trimestralmente, usarase unha rúbrica para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Ao finalizar o ano académico e unha vez revisados os resultados, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista.

A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feedback recibidos e dos resultados obtidos.

Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno/a, avaliación do docente e avaliación do ensino - aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	2º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	18



## 1. Introducción

O acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensino e asuntos culturais contempla o dereito a recibir ensinanzas de relixión católica. Conforme a isto, a disposición adicional segunda da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación establece que se incluírá a Relixión Católica como área ou materia nos niveis educativos que corresponda.

No Real Decreto 157/2022 de 1 de marzo dispónse que esta materia incluírase nesta etapa educativa e que será competencia da xerararquía eclesiástica da Igrexa católica a determinación do correspondente currículo.

Neste marco as ensinanzas de Relixión Católica son de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias.

Así mesmo, a "Resolución de 21 de junio de 2022, de la Secretaría de Estado de Educación" establece os currículos das ensinanzas de Relixión católica correspondentes a Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria e Bacharelato.

O centro para o que se prepara esta programación é un CPI, un centro sito no rural e que agrupa alumnado dende Infantil ata Secundaria e no unha alta porcentaxe de alumnado elixe a materia de Relixión.

A proposta educativa desta asignatura favorece o proceso educativo do alumnado, a sensibilidade espiritual e o despertar da experiencia relixiosa. Axuda a comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado en contextos plurais e diversos.

Tamén complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns.

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecese o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos clave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autocoñecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

## Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coidamos a creación.	Traballaremos o relato de "A creación", o coidado do entorno e da natureza.	15	4	X		
2	Colaboramos con Deus.	Coñeceremos algúns personaxes bíblicos, como María. Como colaboramos para facer un mundo mellor.	14	5	X		
3	Coidamos no Nadal.	Leremos o relato do nacemento de Xesús, falaremos sobre as celebracións do Nadal e como podemos coidar dos demais.	15	6	X		
4	Amar coma Xesús.	Traballaremos sobre as parábolas de Xesús sobre amar ao próximo e relacionarémolas	15	5		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Amar coma Xesús.	co noso día a día.	15	5		X	
5	Xesús ama e perdoa sempre.	Leremos o relato da resurrección de Xesús e falaremos sobre as celebracións da Semana Santa.	15	5		X	
6	Perdoar coma Xesús.	Repasaremos as veces que Xesús animou a amar e a perdoar aos demais e como podemos ser nós persoas de paz.	12	5			X
7	Celebramos a vida xuntos.	Falaremos sobre os primeiros cristiáns e como celebran os cristiáns hoxe.	14	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coidamos a creación.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoas co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	É quen de destacar nun relato sobre un personaxe bíblico que valor humano o caracteriza e relacionalo con algunha acción que favoreza a súa autonomía no grupo clase.	TI	100
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Mostra actitudes de respecto e coidado do próximo e da natureza.		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	É quen de dar significado ao que está a aprender.		
CA1.12 - Valorar a Biblia como libro sacro e como narración do encontro de Deus coa humanidade, descubrindo o seu lugar na comunidade cristiá e na cultura.	Gusta de ler e ecoitar as narracións da Biblia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos.</li> <li>- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> </ul>

### Contidos

- Recoñecemento da Biblia, Palabra de Deus na vida da Igrexa, como libro sacro do cristianismo.
- A alianza de Deus co pobo de Israel e o seu proxecto de humanidade.
- A beleza como expresión da Creación e da experiencia relixiosa.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá.
- Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.
- Hábitos e valores de respecto á natureza como creada por Deus.
- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

UD	Título da UD	Duración
2	Colaboramos con Deus.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	É quen de destacar nun relato dun personaxe bíblico que valor humano o caracteriza e relacionalo con algunha acción que favoreza a súa autonomía no grupo clase.	TI	100
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	É quen de respectar aos seus amigos e recoñecer os seus erros.		
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Mostra actitudes de respecto e coidado do próximo e da natureza.		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	É quen de dar significado ao que está a aprender.		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoo no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Identifica as súas emocións, sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula e é quen de recoñecelas nos seus compañeiros.		
CA1.12 - Valorar a Biblia como libro sacro e como narración do encontro de Deus coa humanidade, descubrindo o seu lugar na comunidade cristiá e na cultura.	Gusta de ler e de escoitar as narracións da Biblia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano.</li> <li>- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade.</li> <li>- A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá.</li> <li>- Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos.</li> <li>- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Recoñecemento da Biblia, Palabra de Deus na vida da Igrexa, como libro sacro do cristianismo.</li> <li>- A alianza de Deus co pobo de Israel e o seu proxecto de humanidade.</li> <li>- María, a Nai de Xesús.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá.</li> <li>- Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.</li> <li>- Biografía significativas que favoreceron a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.</li> <li>- Respeto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Coidamos no Nadal.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	É quen de destacar nun relato dun personaxe bíblico que valor humano o caracteriza e relacionalo con algunha acción que favoreza a súa autonomía e responsabilidade no grupo clase.	TI	100
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Identifica hábitos que xeran un clima positivo e mantén unha actitude de respecto cara os costumes cristiáns nos grupos aos que pertence e mesmo doutras relixións.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Descubre a riqueza cultural das celebracións cristiás como expresión de identidade cultural da nosa sociedade.		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica a Xesús coma o protagonista da mensaxe de Amor dos cristiáns.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade.</li> <li>- Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret.</li> <li>- Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos.</li> <li>- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade.</li> <li>- Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna.</li> <li>- Recoñecemento da Biblia, Palabra de Deus na vida da Igrexa, como libro sacro do cristianismo.</li> <li>- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.</li> <li>- María, a Nai de Xesús.</li> <li>- A Igrexa como familia que vive e celebra a Boa Noticia anunciada por Xesús de Nazaret.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Amar coma Xesús.	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	É quen de destacar nun relato dun personaxe bíblico que valor humano o caracteriza e relacionalo con algunha acción que favoreza a súa autonomía e responsabilidade no grupo clase.	TI	100
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Identifica hábitos que xeran un clima positivo e mantén unha actitude de respecto cara os costumes cristiáns nos grupos aos que pertence e mesmo doutras relixións.		
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Describe situacións próximas e empatiza cos compañeiros/as que o están a pasar mal.		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica as súas emocións, sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus.</li> <li>- A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá.</li> <li>- Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos.</li> <li>- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Recoñecemento da Biblia, Palabra de Deus na vida da Igrexa, como libro sacro do cristianismo.</li> <li>- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.</li> <li>- O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.</li> <li>- Relatos evanxélicos de compaixón, misericordia e perdón.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Xesús ama e perdoa sempre.	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Identifica hábitos que xeran un clima positivo e mantén unha actitude de respecto cara os costumes cristiáns nos grupos aos que pertence e mesmo doutras relixións.	TI	100
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escoítaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Escoita e resolve pacificamente os conflitos que xorden entre os compañeiros/as.		
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Descubre a riqueza cultural das celebracións cristiáns como expresión de identidade cultural da nosa sociedade.		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica a Xesús como o protagonista da mensaxe de Amor dos cristás.		
CA1.12 - Valorar a Biblia como libro sacro e como narración do encontro de Deus coa humanidade, descubriendo o seu lugar na comunidade cristiá e na cultura.	Gusta de ler e de escoitar as narracións da Biblia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos.</li> <li>- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade.</li> <li>- Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna.</li> <li>- Recoñecemento da Biblia, Palabra de Deus na vida da Igrexa, como libro sacro do cristianismo.</li> <li>- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.</li> <li>- O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.</li> <li>- Relatos evanxélicos de compaixón, misericordia e perdón.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
6	Perdoar coma Xesús.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoas co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	É quen de destacar nun relato dun personaxe bíblico que valor humano o caracteriza e relacionalo con algunha acción que favoreza a súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	TI	100
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Escoita e resolve pacificamente os conflitos que xorden entre os compañeiros/as.		
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Describe situacións próximas e empatiza cos compañeiros/as que o están a pasar mal.		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	É quen de dar significado ao que está a ler.		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica as súas emocións, sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade.</li> <li>- Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus.</li> <li>- Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos.</li> <li>- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Recoñecemento da Biblia, Palabra de Deus na vida da Igrexa, como libro sacro do cristianismo.</li> <li>- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.</li> <li>- Relatos evanxélicos de compaixón, misericordia e perdón.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Celebramos a vida xuntos.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Mostra actitudes de respecto e coidado da próximo e da natureza.	TI	100
CA1.7 - Relacionar algunhas pasaxes bíblicas con expresións artísticas, servíndose da observación e análise, para potenciar a creatividade e a comunicación a través de diversas linguaxes.	Servíndose da obsevación relaciona algunhas pasaxes da Biblia con obras artísticas.		
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Descubre a riqueza cultural das celebracións cristiás como expresión de identidade cultural da nosa sociedade.		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	É quen de dar significado ao que está a aprender.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret.</li> <li>- Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos.</li> <li>- Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación.</li> <li>- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.</li> <li>- Recoñecemento da oración como medio privilexiado de comunicación con Deus. O Painoso.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna.</li> <li>- Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes.</li> <li>- Recoñecemento da Biblia, Palabra de Deus na vida da Igrexa, como libro sacro do cristianismo.</li> <li>- A Igrexa como familia que vive e celebra a Boa Noticia anunciada por Xesús de Nazaret.</li> <li>- A Biblia como fonte de inspiración artística ao longo da historia.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> </ul>

## Contidos

- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía para a materia de relixión católica fundaméntase na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, en experiencias de aprendizaxe significativa e emocionalmente positivas, no coidado do desenvolvemento afectivo e cognitivo dos alumnos e alumnas, na aprendizaxe individualizada e cooperativa, na relación das aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, ao emprendemento e á aplicación dos saberes.

Para a atención personalizada, na aula utilizamos dinámicas de educación emocional e comunicación empática. O método de traballo pode ser individual ou cooperativo, en grupo pequeno ou con todo o grupo-clase: realizaranse tarefas que promovan a colaboración, non a competitividade, e aplicaranse técnicas de traballo formal e non formal. Aplicaremos os principios do DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe) proporcionando varios xeitos de implicación, múltiples formas de representación da información e múltiples formas de acción e expresión da aprendizaxe. Trátase de que todo o alumnado teña oportunidade de aprender.

A nivel máis concreto usaremos situacións de aprendizaxe que recrean na aula situacións significativas e cotiás do entorno persoal, familiar, social e cultural dos nenos e nenas e que se refiren ás súas necesidades e intereses.

A complexidade dos retos e problemas que presentan estas situacións serán axeitados ao desenvolvemento do alumnado. As actividades que se programen terán que provocar o diálogo, o pensamento creativo e autónomo, o bo trato, a convivencia e o respecto á diferenza.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material específico e convencional da aula.
Material impreso.
Material non específico. Material do medio natural, de refugallo...
Recursos persoais ou humanos.
Material funxible variado.
Material informático.

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado.

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre o material que empregaremos para o correcto desenvolvemento desta programación destacamos:

\*Material impreso, coma os libros: a Biblia (infantil e xuvenil), contos, cómics...

\*Material informático e medios audiovisuais: panel dixital, películas animadas do Antigo e do Novo Testamentos...

\*Material non específico: material de refugallo para a elaboración de manualidades.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades.

A avaliación inicial ao principio de cada curso será a través de actividades lúdicas moi sinxelas, en concreto, xogos a partir de imaxes, e a través do diálogo na aula.

Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención máis específicas, e de recuperación, que considere máis oportunas para cada alumno/a.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	14	15	15	15	12	14	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

Avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do traballo no libro e a participación en clase. Servirá para ver se acadan os obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedaran claros.

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que se estableceren con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grado) permitirán recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

-O traballo está completo e corrixido. Realiza as tarefas e actividades cumprindo as normas de clase..... 60%

-Responde as preguntas orais.....10%

-Atende as explicacións, respecto aos compañeiros e ás normas de clase....30%

### Criterios de recuperación:

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe con propostas sinxelas de reforzo...

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, solicitaríase, se fose preciso, a axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

## 6. Medidas de atención á diversidade

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas. Nas devanditas contornas as Administracións procederán a un axuste das cocientes(ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Plantéxanse actividades moi sinxelas, máis manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Tolerancia, respecto e compañeirismo.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a PAZ.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Comprensión da lectura.	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

En beneficio dunha educación integral e sostible, traballaranse inerdisciplinarmente os elementos transversais que arriba se sinalan ao longo de todo o curso. Así mesmo, e sendo a área de Relixión Católica e si unha educación en valores, traballaranse tamén aspectos como a solidariedade, o compañeirismo, a tolerancia, a interculturalidade, a igualdade entre homes e mulleres, o amor...

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Adornos de Nadal con material de refugallo.	Aproveitaremos materiais de refugallo como tapóns de botellas, paus de xeado ou corchos para a elaboración de adornos de Nadal.	X		
Día da Paz.	O alumnado deste nivel participará nas actividades propostas dende a biblioteca escolar para festexar o día 30 de xaneiro.		X	

### Observacións:

As actividades complementarias que propostas serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Priorizo os valores cristiáns e procedementos, sobre os conceptos.
Avalío constantemente miña propia práctica docente.
Metodoloxía empregada
Tento facer clases amenas e motivadoras.
Consigo que o alumnado traballe en equipo.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego de ferramentas TIC.
Medidas de atención á diversidade
Utilizo medidas de atención á diversidade.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Traballo en equipo con outros mestres/as.

## Descrición:

### PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR

Economía de fichas que traballen sobre os estándares definidos da unidade.

Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.

Debuxos que representen aquilo que aprenderon.

Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

### INDICADORES DE LOGRO

Os indicadores de logro marcan o grado de cumprimento do alumnado dun estándar de aprendizaxe e, en consecuencia dunha competencia específica.

A normativa recolle que o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicacións de logro nas programacións docentes polo tanto ademais da avaliación do alumnado, neste apartado inclúo a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e a miña propia actuación como mestra de Relixión.

\* Avaliación da programación:

.Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos e de aprendizaxe da unidade?

.Que é o que mellor funcionou nesta unidade?

.Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

\* Avaliación e análise da miña propia actuación, tendo en conta aspectos como a PROGRAMACIÓN en si, a adecuación de obxectivos e contidos, ou axuste ás características e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade, os recursos e o uso que fixen das TIC e TAC, se os elementos transversais incluídos foron suficientes, como foi a organización e clima da aula, a interacción co resto da comunidade educativa e coas familias durante todo o curso.

Será global, formativa e continua e, farase de xeito continuo a través da reflexión diaria sobre o traballo que se leve a cabo co alumnado e cos resultados obtidos. Levarase a cabo en tres momentos: inicial para comprobar coñecementos previos e ou momento evolutivo do alumno/a; continua ou formativa que se realiza durante o proceso e obsérvanse e valóranse os progresos, dificultades e necesidades do alumno/a para axustar a intervención pedagóxica; final ou sumativa ao concluír ou proceso de E-A que me permitirá comprobar e valorar o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a eficacia do traballo da propia práctica como docente e de todo o proceso en si.

Os procedementos e instrumentos de avaliación do aprendizaxe dos alumnos que usaremos son os seguintes:

\*Observación directa e sistemática : como xa comentei, con escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos alumnos

en canto a esforzo, actitude, interese e participación.

\*Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo?

\*Traballo na aula: análise da produción dos alumnos (plásticas, escritas, orais).

En caso de ter un caso de NEE na aula, avaliarei segundo a súa ACI, sen impedir promocionar ao alumnado

En caso de NEAE, adaptaremos a avaliación a esas necesidades.

Con casos de alumnado con necesidades existe a posibilidade de facer axustes de rateos.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

### PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO

Coa LOMLOE establécese que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua, lévase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

\* o seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións.

\*e os instrumentos xa sinalados para cada UD.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a sepa se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A AVALIACIÓN do alumnado levarase a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

**ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

- Preparación da clase e dos materiais didácticos.
- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.
- Existe unha distribución temporal equilibrada.
- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.
- \* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TACs).
- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.
- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.
- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs).
- \* Regulación da práctica docente
- Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .
- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.
- \* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias.
- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.
- Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados.
- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.
- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:
- \* Aos alumnos.
- \* Ás familias.
- \* Utilización de medidas para a atención á diversidade
- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

## 9. Outros apartados